



## Con ou sen uniforme: nenos con estilo propio

Dende este ano os alumnos do CEIP Campolongo poden escoller entre vestir o uniforme do colexio ou a súa roupa. Que fariades vós?

**Pontevedra** | Estamos en rebaixas e de seguro que moitos dos vosos pais aproveitaron estes días para levarvos de compras e poñer un pouco de orde no voso roupeiro porque, co rápido que medrades, a roupa axiña vos queda pequena. Ademais, co que vos gusta xogar sempre necesitades ter o armario ben cheo porque, aínda que sodes moi coidadosos, algunhas veces

podédevos manchar ou romper a roupa.

Unha solución para que teñades as vosas prendas favoritas en bo estado pode ser o uso de uniforme no colexio. Ademais, así tódolos alumnos ides vestidos igual e ninguén se mete con vós se non lle gusta a vosa roupa. O uso do uniforme tamén pode ser un xeito de representar ao voso colexio e de que os compañei-

ros esteades máis unidos.

Para saber qué opinades vós de todo isto e máis para falar de moda fomos o CEIP Campolongo, o único colexio público de Pontevedra que conta cun uniforme, aínda que o seu uso é voluntario.

A pesar de que éste é o primeiro ano no que se emprega uniforme neste centro, xa hai uns 50 nenos que o levan e cada vez hai máis pais interesados, aínda que hai algúns problemas cos provedores.

A verdade é que os rapaces que levan uniforme, composto por un xersei granate

e un pantalón ou unha saia vaqueira, están do máis favorecidos. Se non fixádevos nas fotos que guapos están Cristina e Julio (nesta páxina, 5ª e 7ª pola esquerda e na páxina seguinte, abaixo), de 4º e 5º curso, respectivamente. Aínda que ela prefere a súa roupa, ós dous séntalles moi ben o uniforme.

Tamén Berta, Antía, Sabela, Nerea, Clara, Ana, Germán e Lucas, todos de 2ª, están moi xeitosos co chándal do colexio. En canto ó uniforme, eles cren que é moi cómodo. Pola súa banda, entre os mo-

ciños de 5º hai opinións para tódolos gustos. Así, Catuxa di que prefire as súas propias prendas porque o uniforme é sempre o mesmo. Ó seu compañeiro Javier tampouco lle gusta demasiado. Tamén Adriana di que prefire a súa roupa porque non lle gustan nadiña as saias. Polo contrario, Lucía conta que grazas ó uniforme non se complica tanto para escoller a roupa.



E é que escoller as prendas que tedes que poñer cada día non é nada doado. Así, a maioría dos rapaces do CEIP Campolongo din que a súa nai os axuda nesta tarefa. As nais soen ser tamén decisivas á hora de ir de tendas, mais a opinión dos fillos tamén se ten en conta. “Eliximos as dúas”, afirma Eva.



O certo é que cada un ten o seu gusto. Así, a cor favorita de Laura e Alba é o laranxa, igual que a de Luis, para quen esta cor é “moi apetecible e alegre”. Alberto prefire o verde porque di que é “máis fashion”. A Henar encántalle o vermello e a Enrique o gris. Esteban tamén escolle esta cor porque é a dos xornais e lle gusta moito facer pasatempos. A súa prenda favorita, aínda que poida parecer un pouco novo, é o smoking. Alberto quédase cos traxes de neopreno porque fai surf, Julia cos pantalóns curtos e David e Carolina cos vaqueiros. Está claro que os do CEIP Campolongo son nenos con estilo propio. ■

### EXPERTOS EN MODA

Aínda que o uniforme do CEIP Campolongo é ben moderno, non lle gusta a todos. Así, mentres uns están moi contentos con el porque xa non teñen que pensar qué roupa poñer cada día, outros, sobre todo os maiores, prefiren vestir seguindo o seu propio estilo. Despois de escoitar as súas opinións sobre moda, non hai dúbida de que o teñen, e moito.



**LECTURAS** • Esta semana recomendámosche a lectura de 'Turandot', unha historia enigmática situada en Pequín que non poderás deixar de ler.



**AXENDA** • Na axenda desta semana poderás atopar todas as actividades para nenos que se levan a cabo na comarca, que te divirtas moito!



**ALBUM** • Non perdas o álbum cas fotos desta semana; non faltou o teatro, nin en Pontevedra nin en Mourente.